



## Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Linguaxe Musical

Cursos 1º,2º,3º,4º do Grao Elemental

Cursos 1º , 2º do Grao Profesional

Curso escolar 2024 / 2025



**DEPARTAMENTO DE LINGUAXE MUSICAL  
GRAO ELEMENTAL E PROFESIONAL**

**PROFESORES:**

**JAVIER BARDANCA .....GRAO ELEMENTAL**

**SERXIO MOREIRA.....GRAO PROFESIONAL**



<b>INDICE:</b>	<b>Páxina 3</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>Páxina 4</b>
<b>2. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL</b>	
1º Curso de Grao Elemental	Páxina 5
2º Curso de Grao Elemental	Páxina 11
3º Curso de Grao Elemental	Páxina 17
4º Curso de Grao Elemental	Páxina 23
<b>3. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL</b>	
1º Curso de Grao Profesional	Páxina 30
2º Curso de Grao Profesional	Páxina 35
<b>4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>Páxina 42</b>
<b>5. MÍNIMOS ESXIBLES</b>	<b>Páxina 44</b>
<b>6. PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA</b>	<b>Páxina 44</b>
<b>7. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN TRIMESTRAIS</b>	<b>Páxina 45</b>
<b>8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA CURSOS PENDENTES DE L. M.</b>	<b>Páxina 45</b>
<b>9. PROBAS DE EXAME EXTRAORDINARIAS</b>	<b>Páxina 45</b>
<b>10. RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	<b>Páxina 46</b>
<b>11. METODOLOXÍA</b>	<b>Páxina 47</b>
<b>12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>Páxina 48</b>
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	<b>Páxina 48</b>
<b>14. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA</b>	<b>Páxina 49</b>
<b>15. PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL</b>	<b>Páxina 49</b>
<b>16. PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL</b>	<b>Páxina 52</b>



## **1.INTRODUCCIÓN**

A Música é ante todo unha linguaxe, a linguaxe dos sons; por iso, debemos establecer un certo paralelismo entre a linguaxe musical e a oral. Así como nesta última temos letras, sílabas, palabras, etc., en música acontece o mesmo. As notas son o equivalente ás letras e elas por si mesmas non poden ofrecer un significado; para acadalo han de combinarse e ordenarse ritmicamente.

Partindo da base de que a música é unha linguaxe debemos comezar por escoitar, despois falar imitando o escoitado, logo ler e por último aprender as normas, para a súa comprensión.

A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas de modo que o código musical se converta nun instrumento útil e eficaz de comunicación e representación, aspectos básicos que integran a práctica musical igual que en toda actividade lingüística.

A ensinanza da linguaxe musical está baseada en desenvolver no alumno as catro capacidades esenciais: saber escoitar, saber cantar, saber ler e saber escribir; para o cal é moi importante a práctica sistemática e constante.

A materia da linguaxe musical é troncal para a formación instrumental sendo este o seu principal cometido, pero sen descoidar a meta dunha formación nun senso máis amplo, unha formación musical humanística.

De esta maneira, a linguaxe musical senta non só as bases necesarias para que o alumno acade unha autonomía no descubrimento das partituras que están a aprender no instrumento, senón tamén para capacitalo para a posterior aproximación ás demais materias que compoñen o currículo dos estudos musicais.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

**Grao Elemental:** No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

**Grao Profesional:** A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.



## 2. PROGRAMACIÓNS DOS CURSOS DE GRAO ELEMENTAL

### 1º curso de Grao Elemental

#### OBXECTIVOS

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Conseguir a correcta emisión e articulación do son.
- Conseguir unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico – práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respeitar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

#### CONTIDOS

##### Lectura rítmica:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª. Relación de estas claves entre si.
- Ámbito de notas en clave de Sol, dúas oitavas, dende o Sol 2, ata o Sol 4.
- Interiorización do pulso. Pulso constante. Acento
- Figuras; redonda, branca, negra, corchea e os seus respectivos silencios. Semicorcheas.
- Punto na branca, negra e corchea
- Compases de 2/4, 3/4 e 4/4, incluíndo sucesións de tercinas regulares, compás de 6/8
- Contratemplos nos compases simples ata a corchea.
- Síncopa larga e breve.



- Caldeirón e ligadura entre as figuras; branca, negra e corchea.
- Tempo: tempos básicos; Allegro, Andante, etc.
- Práctica da memoria.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Práctica da repentización.

### **Entoación:**

- Traballarse a entoación con ou sen acompañamento pianístico.
- Respiración e emisión da voz.
- Coñecemento dos modos maior e menor.
- Mecanización das escalas e arpexos de dó maior e la menor
- Iniciación ás alteracións.
- Entoar con e sen texto.
- Traballo de fragmentos sinxelos a diferentes alturas.
- Entoación básica a dúas voces.
- Práctica da memoria.
- Práctica da repentización.

### **Práctica auditiva:**

- Diferenciación de timbres. Sons determinados e indeterminados.
- Identificación de compases
- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico-rítmico abarcando os dous apartados anteriores.
- Ditado harmónico e melódico.
- Sensibilización do Acorde Perfecto Maior o do Acorde Perfecto menor
- Diferenciación entre as sensacións de Tónica e Dominante.



### Teoría da Música:

- Iniciación á caligrafía musical.
- Coñecemento teórico dos conceptos reseñados nos apartados anteriores.
- Escala diatónica e ubicación de tons e semitóns.
- Denominación dos intervalos polo número de notas que conteñen, ademais dos ascendentes, descendentes, conxuntos e disxuntos, simples e compostos, melódicos e harmónicos.
- Signos de prolongación
- Dinámicas e signos de articulación básicos.
- Iniciación á forma musical.
- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1º TRIMESTRE

1. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
2. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior escritas na clave de sol.
3. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior, en melodías escritas por graos conxuntos, na clave de Fa na 4ª.
4. Entoar correctamente a escala e arpexo de dó maior, así como melodías que conteñan intervalos de 2<sup>as</sup> e 3<sup>as</sup> maiores e menores, con e sen acompañamento pianístico.
5. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.



6. Identificar auditivamente e reproducir por escrito, fórmulas rítmicas que conteñan brancas, negras e dúas corcheas.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as notas do arpexo de dó maior.
8. Escribir as figuras e os seus silencios, as claves, liñas divisorias e adicionais, e compás empregando unha boa caligrafía.
9. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
10. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de pentagrama, compás, claves, liñas divisorias, adicionais, figuras e silencios, anacruse, punto e ligaduras.

### **2º TRIMESTRE**

1. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
2. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior escritas na clave de sol ampliando o rango unha 3ª descendente e ascendente.
3. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior en melodías escritas na clave de Fa na 4ª.
4. Entoar correctamente a escala e arpexo de dó maior, así como melodías que conteñan intervalos de 2<sup>as</sup> e 3<sup>as</sup> maiores e menores, 4<sup>as</sup>, 5<sup>as</sup> e 8<sup>as</sup> xustas, con e sen acompañamento pianístico.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito, fórmulas rítmicas que conteñan brancas, negras, dúas corcheas e catro semicorcheas.
8. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as notas da escala de dó maior.
9. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades dos dous apartados anteriores.
10. Escribir as figuras e os seus silencios, as claves, liñas divisorias e adicionais, ligaduras e compás empregando unha boa caligrafía.
11. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
12. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos do primeiro trimestre engadindo os de caldeirón, matices, dinámica, tempo, metrónomo, síncopa, notas a contratempo.





### 3º TRIMESTRE

1. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
2. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior escritas na clave de Sol ampliando o rango unha 4ª descendente e 5ª ascendente.
3. Identificar no pentagrama as notas da escala de dó maior en melodías escritas na clave de Fa na 4ª.
4. Entoar correctamente a escala e arpexo de do maior e la menor, así como melodías que conteñan intervalos de 2<sup>as</sup> e 3<sup>as</sup> maiores e menores, 4<sup>as</sup>, 5<sup>as</sup> e 8<sup>as</sup> xustas, 4ª aumentada e 5ª diminuída, con e sen acompañamento pianístico.
5. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
6. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abranguendo as dificultades traballadas no curso.
7. Escribir as figuras e os seus silencios, as claves, liñas divisorias e adicionais, ligaduras, compás e alteracións empregando unha boa caligrafía.
8. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
9. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos do segundo trimestre engadindo ton, semitón, intervalo, acorde e alteración.



## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**25 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**25 % TEORÍA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1<sup>a</sup> av x 0.1 + Cualificación da 2<sup>a</sup> av x 0,2 + Cualificación da 3<sup>a</sup> av x 0.7



## 2º Curso de Grao Elemental

### OBXECTIVOS

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico-rítmico.
- Desenvolver a capacidade esencial da escritura como elemento básico da Linguaxe Musical.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Acadar unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases que figuran no programa.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.

### CONTIDOS

*Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do primeiro curso.*

#### Lectura rítmica:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª. Práctica de Dó na 3ª e iniciación a Dó na 4ª. Relación das claves entre si.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa na 4ª.
- Figuras ata a semicorchea e os seus silencios.
- Punto ata a corchea.



- Síncopas e contratempos.
- Compases simples: engadir 2/2, 3/2, 4/2, 2/8 e 4/8.
- Compases compostos: engadir 9/8, 12/8 e 3/8.
- Equivalencias de pulso igual a pulso.
- Tempo. Dinámica. Agóxica.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Práctica de repentización e da memoria.
- Grupos de valoración especial regulares nun pulso.
- Fórmulas rítmicas en compases simples.
- Fórmulas rítmicas en compases compostos.

## **Entoación:**

- Con o sen acompañamento pianístico.
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpejos de tonalidades ata dúas alteracións.
- Mecanización dos intervalos diatónicos simples maiores e menores, xustos, de 4ª aumentada e 5ª diminuída.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación con e sen texto.
- Entoación a dúas e tres voces.
- Práctica da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

## **Práctica auditiva:**

- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abrangendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes de tríada perfecto maior, perfecto menor, de 5ª aumentada e 5ª diminuída.
- Diferenciación de timbres.
- Diferenciación entre as sensacións de Tónica, Subdominante e Dominante.



### **Teoría da Música:**

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Unidade de tempo, de compás e de subdivisión.
- Signos de repetición.
- Puntos de complemento e de ampliación.
- Tempo e modificación dos termos principais.
- Carácter. Articulación. Dinámica e agónica básicas.
- Clasificación das distintas especies de intervalos.
- Nome dos graos da escala. Graos tonais e modais.
- Tonalidade e modalidade. Obtención da tonalidade a partir das alteracións e viceversa.
- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1º TRIMESTRE**

1. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Sol abrangendo dende o La 2 ata o La 4
2. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Fa na 4ª abrangendo dende o Dó 2 ata o Dó 3
3. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
4. Entoar correctamente a escala e arpexo de dó maior, la menor, sol maior e mi menor.
5. Entoar correctamente melodías en dó maior, la menor, sol maior e mi menor con e sen acompañamento pianístico.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as fórmulas rítmicas traballadas na lectura.
8. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no trimestre.



9. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
10. Empregar unha boa caligrafía na escritura de fragmentos musicais.
11. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos acadados no 1º curso engadindo: compases simples e compostos, alteracións propias e accidentais, armadura, signos de repetición, termos referidos ao tempo, carácter e articulación, intervalos (maiores, menores e xustos), escala no modo menor e ubicación dos tons e semitóns.

## 2º TRIMESTRE

1. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Sol abrangendo dende o La 2 ata o Dó 5.
2. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Fa na 4ª abrangendo dende o Sol 1 ata o Mi 3.
3. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de ó na 3ª no ámbito da oitava.
4. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
5. Entoar correctamente escalas e arpejos ata 1 alteración, así como melodías con e sen acompañamento pianístico.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as fórmulas rítmicas traballadas na lectura.
8. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no trimestre.
9. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
10. Empregar unha boa caligrafía na escritura de fragmentos musicais.
11. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos acadados no 1º curso engadindo: dosillo, termos que modifican o movemento, graos da escala, graos tonais e modais, tonalidade e modalidade, equivalencias, obtención da armadura a partir da tonalidade (modo maior), obtención da tonalidade a partir da armadura (modo maior).



### 3º TRIMESTRE

1. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Sol abrangendo dende o Sol 2 ata o Dó 5
2. Identificar no pentagrama as notas escritas na clave de Fa na 4ª abrangendo dende o Sol 1 ata o Mi 3
3. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
4. Entoar correctamente escalas e arpexos ata dúas alteracións, así como melodías con e sen acompañamento pianístico.
5. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
6. Identificar auditivamente e reproducir por escrito as fórmulas rítmicas traballadas na lectura.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no trimestre.
8. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.
9. Empregar unha boa caligrafía na escritura de fragmentos musicais.
10. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos acadados no 1º curso engadindo: obtención da armadura a partir da tonalidade e viceversa nas tonalidades menores, acordes tríadas (maior e menor).



## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**25 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**25 % TEORÍA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1<sup>a</sup> av x 0.1 + Cualificación da 2<sup>a</sup> av x 0,2 + Cualificación da 3<sup>a</sup> av x 0.7





### 3º curso de Grao Elemental

#### OBXECTIVOS

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo melódico – rítmico.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía musical que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Conseguir a correcta emisión e articulación do son, así como unha boa afinación.
- Conseguir unha correcta asimilación dos contidos correspondentes ao área teórico –práctica.
- Adquirir soltura na lectura de fórmulas rítmicas traballadas durante o curso dentro dos compases e claves que figuran no programa.

#### CONTIDOS

*Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos cursos anteriores.*

#### Lectura rítmica:

- Coñecemento das claves de Sol e Fa na 4ª. Práctica de Dó na 3ª, en 4ª
- Relación das claves entre si.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa na 4ª.
- Figuras ata a fusa e os seus silencios.
- Dobre punto.
- Grupo de valoración especial irregulares nun pulso.
- Dominio da equivalencia pulso igual a pulso.
- Compases. Engadir os seguintes: 6/4, 9/4, 12/4, 3/16, 6/16, 9/16 e 12/16
- Tempo, agónica, dinámica e articulación.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Práctica de repentización e da memoria.



**Entoación:**

- Con o sen acompañamento pianístico.
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpejos de tonalidades ata tres alteracións.
- Mecanización dos intervalos de 2ª e 3ª aumentadas, 4ª diminuída e 5ª aumentada.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación a dúas e tres voces.
- Práctica entoada de frases melódicas con acompañamento pianístico, ata dúas alteracións, atendendo á dinámica, agónica e articulación.
- Práctica da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

**Práctica auditiva:**

- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abrangendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes xa traballados engadindo o de 7ª de dominante.
- Diferenciación de timbres.



## **Teoría da Música:**

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Compases regulares simples e compostos. Formas de medida: a tempo, a un tempo e con subdivisión.
- Grupos de valoración especial, regulares e irregulares.
- Estudio das dobres alteracións. Enharmonías.
- Diferentes tipos de escalas diatónicas.
- Estudio das diferentes especies de intervalos simples coas súas inversións.
- Coñecemento das alteracións correspondentes a unha tonalidade e viceversa.
- Tempo, dinámica, agónica e signos de articulación.
- Coñecemento das notas de paso, floreo e apoiatura.
- Coñecemento progresivo das distintas familias de instrumentos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1º TRIMESTRE**

1. Executar correctamente as seguintes fórmulas rítmicas nos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8, 2/8, 3/8, 4/8, 2/2, 3/2, 4/2, 6/4, 9/4, 12/4, 6/16, 9/16 e 12/16, ademais das traballadas nos cursos anteriores: Silencio de corchea e dos semicorcheas (e ao revés), negra con punto (o ligada a corchea) e dos semicorcheas (e ao revés), negra con punto ligada á primeira de tres corcheas, o ligada a negra e corchea, o ligada a corchea e negra. Combinacións de corcheas e semicorcheas en compases compostos, dobrete e cuartina.
2. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical e realizar correctamente as equivalencias.
3. Identificar no pentagrama as notas de melodías escritas nas claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 3ª e Dó na 4ª.



4. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades de dó maior, la menor, sol maior, mi menor, fa maior, re menor, re maior, si menor, si bemol maior e sol menor, así como melodías nestas tonalidades, con e sen acompañamento pianístico.
5. Entoar correctamente o semitón por floreo inferior e superior.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no curso.
8. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre: semitón diatónico e cromático, claves, termos que indican cambios de tempo, signos de acentuación e articulación, intervalos de 2as e 3as maiores, menores, aumentadas e diminuídas, 4as, 5as e 8as xustas, aumentadas e diminuídas.
9. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de semitón diatónico e cromático, dinámica, agónica, grupos de valoración especial excedentes e deficientes, nota de paso, floreo e apoiatura, ademais dos traballados nos cursos anteriores.
10. Coñecer o funcionamento básico dos instrumentos de vento madeira e recoñecer os seus timbres.
11. Improvisar respostas coherentes con motivos melódico-rítmicos dados.

## **2º TRIMESTRE**

1. Executar correctamente as seguintes fórmulas rítmicas nos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8, 2/8, 3/8, 4/8, 2/2, 3/2, 4/2, 6/4, 9/4, 12/4, 6/16, 9/16 e 12/16, ademais das traballadas anteriormente: tresillos de medio pulso, combinacións de corcheas, semicorcheas e silencios en compases compostos.
2. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical e realizar correctamente as equivalencias.
3. Identificar no pentagrama as notas de melodías escritas nas claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 3ª e 4ª.
4. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades de dó maior, la menor, sol maior, mi menor, fa maior, re menor, re maior, si menor, si bemol maior e sol menor, así como melodías nestas tonalidades, con e sen acompañamento pianístico.



5. Entoar correctamente o semitón por floreo inferior e superior e como nota de paso cromática.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no curso.
8. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre, ademais dos traballados anteriormente: intervalos de 6<sup>a</sup> e 7<sup>a</sup> maiores, menores, aumentados e diminuídos, inversión de intervalos, tonalidades e armaduras, tonalidades relativas e veciñas, modulación e imitación.
9. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de tonalidades relativas e veciñas, modulación, imitación e inversión de intervalos, ademais dos traballados nos cursos anteriores.
10. Coñecer o funcionamento básico dos instrumentos de vento metal, percusión e corda pulsada e recoñecer os seus timbres
11. Improvisar respostas coherentes con motivos melódico – rítmicos dados.

### **3º TRIMESTRE**

1. Executar correctamente as seguintes fórmulas rítmicas nos compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8, 2/8, 3/8, 4/8, 2/2, 3/2, 4/2, 6/4, 9/4, 12/4, 6/16, 9/16 e 12/16, ademais das traballadas nos cursos anteriores: combinacións de semicorcheas e os seus silencios en compases simples, sextinas regulares, fórmulas sincopadas de corchea negra e dúas semicorcheas (e ao revés), tercinas irregulares (negra e corchea, corcheas e silencios), fusas e dobres puntos.
2. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical e realizar correctamente as equivalencias.
3. Identificar no pentagrama as notas de melodías escritas nas claves de Sol, Fa na 4<sup>a</sup>, e Do na 3<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup>.
4. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades de dó maior, la menor, sol Maior, mi menor, fa Maior, re menor, re maior, si menor, si bemol maior, sol menor, la maior, fa # menor, mi bemol maior e dó menor así como melodías nestas tonalidades, con e sen acompañamento pianístico.



5. Entoar correctamente o semitón por floreo inferior e superior e como nota de paso cromática.
6. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para unha correcta emisión vocal.
7. Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico – rítmicos abrangendo as dificultades traballadas no curso.
8. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre, ademais dos traballados anteriormente: intervalos de 6ª e 7ª maiores, menores, aumentados e diminuídos, inversión de intervalos, tonalidades e armaduras, tonalidades relativas e veciñas, modulación e imitación.
9. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de tonalidades relativas e veciñas, modulación, imitación e inversión de intervalos, ademais dos traballados nos cursos anteriores.
10. Coñecer o funcionamento básico dos instrumentos de vento metal, percusión e corda pulsada e recoñecer os seus timbres.
11. Improvisar respostas coherentes con motivos melódico – rítmicos dados.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**25 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**25 % TEORÍA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1ª av x 0.1 + Cualificación da 2ª av x 0,2 + Cualificación da 3ª av x 0.7



## 4º curso de Grao Elemental

### OBXECTIVOS

- Desenvolar a capacidade de lectura rítmica.
- Desenvolar a capacidade de entoar correctamente con acompañamento pianístico.
- Comprensión teórico – práctica das equivalencias de figura = figura e pulso = pulso.
- Identificar correctamente o compás e a tonalidade nos ditados melódico-rítmicos.
- Dominar teoricamente e visualmente as especies de intervalos xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos.
- Desenvolar a capacidade de entoar a capella en dó maior, la menor, fa maior, re menor, sol maior, mi menor, re maior, si menor, si bemol maior e si menor.
- Desenvolar a capacidade de repentización da lectura rítmica e entoada.
- Dominar as combinacións rítmicas derivadas dos grupos de valoración especial regulares e Irregulares
- Identificación das tonalidades a partir dos nomes das tonalidades e a partir das armaduras.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respectar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.



## **CONTIDOS**

*Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados da programación dos cursos anteriores.*

### **Lectura rítmica:**

- Dominio das claves de Sol e Fa na 4ª. Coñecemento de Dó na 1ª, 3ª e 4ª.
- Relación das claves entre si.
- Lectura polifónica e simultánea entre as claves de Sol e Fa na 4ª.
- Práctica básica das semifusas e os seus silencios.
- Dominio dos grupo de valoración especial irregulares nun pulso.
- Práctica da equivalencia pulso igual a pulso e figura igual a figura.
- Práctica das tres formas de marcar os compases.
- Coñecemento das notas de adorno básicas
- Tempo, agónica, dinámica e articulación.
- Práctica de ritmos simultáneos.
- Practica de repentización e da memoria.





**Entoación:**

- Con o sen acompañamento pianístico.
- Respiración, articulación e emisión de voz.
- Mecanización interválica, ademais de escalas e arpejos de tonalidades ata catro alteracións.
- Mecanización de todos os intervalos simples.
- Práctica do cromatismo.
- Entoación ata catro voces.
- Práctica entoada de frases melódicas con acompañamento pianístico, ata dúas alteracións
- atendendo á dinámica, agónica e articulación.
- Dominio da memoria e da repentización.
- Traballo de fragmentos melódicos a diferentes alturas.

**Práctica auditiva:**

- Ditado rítmico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico utilizando os elementos traballados.
- Ditado melódico – rítmico abrangendo os dous apartados anteriores
- Ditado interválico harmónico e melódico.
- Recoñecemento auditivo dos acordes xa traballados.
- Recoñecemento de cadencias suspensivas e conclusivas.
- Diferenciación de timbres.



### Teoría da Música:

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Cadencias
- Coñecemento das notas de paso, floreo e apoiatura
- Escalas cromáticas, diatónicas, pentáfonas, exátonas e mixtas.
- Enharmonías: sons, intervalos e tonalidades.
- Carácter e expresión musical.
- Intervalos harmónicos: consonantes e disonantes.
- Acordes de tríada e de 7ª de dominante e as súas inversións.
- Claves utilizadas nas distintas voces harmónicas, antiga e moderna.
- Metrónomo e o diapasón.
- Signos de abreviación na escritura.
- Notas de adorno básicas.
- Dominio das tonalidades por número de alteracións e viceversa.
- Comprensión teórica das equivalencias utilizadas na práctica.
- Coñecemento das distintas familias de instrumentos.



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### 1º TRIMESTRE

1. Executar correctamente: tercinas en 1/3 de pulso en compases compostos, tercinas en medio pulso en compases simples, fórmulas ternarias con punto, silencio de semicorchea en fórmulas ternarias, sínkopas en fórmulas ternarias, compases a un tempo e subdivisión binaria.
2. Repentizar con soltura fragmentos que inclúan os contidos rítmicos do apartado anterior.
3. Lectura fluída das claves de Fa na 4ª e Dó 3ª e 4ª
4. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
5. Correcta execución práctica das equivalencias de figura = figura e pulso = pulso.
6. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades ata dúas alteracións.
7. Entoar correctamente exercicios de intervalos simples, xustos, maiores e menores.
8. Repentizar con soltura leccións para entoar con acompañamento pianístico.
9. Realizar con corrección ditados melódico-rítmicos
10. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para una correcta emisión vocal
11. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.

### 2º TRIMESTRE

1. Executar correctamente: sextinas irregulares, dobretes irregulares, cuartinas irregulares, dobre e triple punto, tercinas irregulares, sínkopas irregulares en fórmulas ternarias, subdivisión ternaria, trinos e mordentes.
2. Repentizar con soltura fragmentos que inclúan os contidos rítmicos do apartado anterior e o do primeiro trimestre.
3. Lectura fluída das claves de Fa na 4ª, Dó na 4ª e Dó na 3ª.



4. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
5. Correcta execución práctica das equivalencias de figura = figura y pulso = pulso.
6. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades ata tres alteracións.
7. Entoar correctamente exercicios de intervalos simples, xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos.
8. Repentizar con soltura leccións para entoar con acompañamento pianístico.
9. Realizar con corrección ditados melódico-rítmicos.
10. Realizar a respiración costo - diafragmática como base para una correcta emisión vocal.
11. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.

### **3º TRIMESTRE**

1. Executar correctamente: tercinas de  $\frac{1}{2}$  parte en binario, tresillo de  $\frac{1}{3}$  de parte en ternario, sextinas irregulares, dobretes irregulares, cuartinas irregulares, tercinas irregulares, mordentes dunha nota, recto e tirse coulè, grupetos, trino apoiado, con preparación e resolución.
2. Repentizar con soltura fragmentos que inclúan os contidos rítmicos do apartado anterior e o do primeiro e segundo trimestre.
3. Lectura fluída das claves de Fa na 4ª e , Dó na 3ª e Dó na 4ª.
4. Manter o pulso constante na execución dun fragmento musical.
5. Correcta execución práctica das equivalencias de figura = figura y pulso = pulso
6. Entoar correctamente as escalas e arpejos das tonalidades ata catro alteracións.
7. Entoar correctamente exercicios de intervalos simples, xustos, maiores, menores, aumentados e diminuídos.
8. Repentizar con soltura leccións para entoar con acompañamento pianístico.
9. Realizar con corrección ditados melódico-rítmicos.



10. Realizar a respiración costo – diafragmática como base para una correcta emisión vocal
11. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no trimestre.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**25 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**25 % TEORÍA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1ª av x 0.1 + Cualificación da 2ª av x 0,2 + Cualificación da 3ª av x 0.7



### 3. PROGRAMACIÓN DOS CURSOS DE GRAO PROFESIONAL

#### 1º curso de Grao Profesional

##### OBXECTIVOS

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura na lectura das claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 1ª, 3ª e 4ª.
- Adquirir soltura rítmica nos compases de amalgama e dispares.
- Conseguir realizar equivalencias nos distintos cambios de compás.
- Conseguir a flexibilidade rítmica que permita abordar a música do século XX.
- Entonar melodías con ou sen acompañamento, con cambios de tonalidade ou modulacións, ou baseándose nas escalas ou modos que se traballen ao longo do curso prestando atención aos diferentes termos de agóxica, dinámica e articulación.
- Entoar de forma consciente escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo, melódico, armónico, rítmico e formal.
- Recoñecer e representar graficamente fragmentos musicais a unha ou dúas voces.
- Recoñecer mediante a audición e a lectura elementos harmónicos, formais, escalas e acordes.

##### CONTIDOS

*Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos do Grao Elemental.*

##### Lectura:

- Dominio das claves de Sol e Fa na 4ª. Coñecemento e práctica de Dó na 1ª, 3ª, e 4ª. Relación das citadas claves entre si.
- Notas de adorno básicas.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.

##### Ritmo:

- Práctica dos compases xa coñecidos e os dispares e de amalgama.
- Compases tradicionais como dispares.



- Grupos de valoración especial regulares e irregulares en varios pulsos nos distintos compases.
- Polirritmia. 3:2, 2:3, 5:2, 7:2, 4:3.
- Traballo de equivalencias, cambios de tempo e de compás.
- Práctica da repentización e da memoria.
- Música sen compasear.

### **Entoación:**

- Mecanización interválica, ademais das escalas e arpejos de tonalidades ata cinco alteracións.
- Práctica de leccións de tonalidade vaga e atonais.
- Práctica dunha liña melódica ata cinco alteracións.
- Práctica de entoación de escalas con e sen acompañamento pianístico.
- Práctica da polifonía.
- Práctica da repentización e da memoria.
- Entoación de melodías con notas de adorno (apoiatura, mordente dunha e dúas notas e grupetos).
- Iniciación a música modal.

### **Práctica auditiva:**

- Dictado a una voz na clave de Fa en 4ª ata cinco alteracións.
- Dictados a una voz (tanto en clave de sol e en clave de fa en 4ª, ata cinco alteracións).
- Ditado a dúas voces ata tres alteracións. Na segunda voz traballaranse as notas correspondentes os acordes de Tónica, Dominante, Subdominante e o de 7ª de dominante.
- Recoñecemento auditivo de funcións harmónicas básicas (I / IV / V / II / III / VI e Dominante de la Dominante).
- Ditado de acordes en estado fundamental e as súas inversións (PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism. / 7ª de dominante e 7ª disminuída).
- Recoñecemento das distintas cadencias.



**Audicións:**

Deberanse facer audicións con certa frecuencia, para o coñecemento da historia da música.

**Improvisación:**

- Improvisar unha melodía a unha estrutura harmónica básica.
- Improvisación sobre unhas pautas preestablecidas.

**Teoría da Música:**

- Relación e ámbito das claves entre si.
- Polirritmia e Polimetría.
- Escalas en xeral.
- Iniciación á Harmonía . Consonancias e Disonancias.
- Acordes PM / Pm / 5ª aum. / 5ª dism / 7ª de dominante / 7ª diminuída e 7ª de sensible coas súas inversións e cifrados. Acorde de Dominante de la Dominante (V de V e tamén V7 de V).
- Cadencias.
- Notas estrañas os acordes.
- Adornos, ( o mordente, a apoiatura, o grupeto o trino).
- Iniciación o Transporte.
- Iniciación á forma e sintaxes musical (célula, frase, semifrase e período)
- Modos gregos e eclesiásticos.
- Iniciación ás grafías contemporáneas.
- Cifrado americano.
- Coñecemento das distintas familias de instrumentos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1º TRIMESTRE**

1. Dominar a lectura de Sol e Fa na 4ª.
2. Ler exercicios en Do na 1ª ,Do na 3ª e Do na 4ª cunha rítmica doada.
3. Entender e realizar equivalencias en compases simples e compostos.
4. Executar valores especiais, irregulares nun pulso.
5. Executar tercinas regulares en 2 e 4 partes.





6. Entoar unha liña melódica ata 4 alteracións.
7. Entoar intervalos xustos aumentados e diminuídos.
8. Recoñecer o ámbito das claves.
9. Recoñecer funcións harmónicas e as diversas especies de intervalos.
10. Identificar e reproducir por escrito as dúas voces escoitadas no dictado.
11. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
12. Sostener o pulso indicado.
13. Marcar o compás.

## **2º TRIMESTRE**

1. Dominar a lectura harmónica nas claves de Sol e Fa na 4ª.
2. Ler nas claves de Do en 3ª e Dó en 4ª cunha rítmica e fluidéz doada.
3. Realizar equivalencias nos compases de amalgama e dispares.
4. Executar Polirrítmias de 3:2, 5:2 e 7:2.
5. Ler semifusas en compases compostos.
6. Medir grupos artificiais nun tempo.
7. Comprender o sistema modal.
8. Entoar unha liña melódica con intervalos aumentados e diminuídos.
9. Identificar e reproducir por escrito as dúas voces escoitadas no dictado.
10. Perfeccionamento da comprensión e audición dos acordes sinalados no apartado de Teoría
11. Recoñecer auditivamente funcións harmónicas e as diversas especies de intervalos.
12. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
13. Sostener o pulso indicado.
14. Marcar o compás.



## **3º TRIMESTRE**

1. Dominar a lectura nas claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 1ª, 3ª e 4ª.
2. Executar as polirrítmias vistas.
3. Executar grupos artificiais en compases dispaes.
4. Saber medir compases tradicionais como dispaes.
5. Entoar intervalos aumentados e diminuídos fora dun contexto tonal.
6. Entoar unha liña melódica que conteña modulacións.
7. Identificar e reproducir por escrito as dúas voces escoitadas no dictado.
8. Identificar auditivamente as distintas cadencias.
9. Recoñecer auditivamente funcións harmónicas e as diversas especies de intervalos.
10. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
11. Sostener o pulso indicado.
12. Marcar o compás.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**30 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**15 % TEORÍA.**

**5 % ACTITUDE ANTE MATERIA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1ª av x 0.1 + Cualificación da 2ª av x 0,2 + Cualificación da 3ª av x 0.7



## 2º curso de Grao Profesional

### OBXECTIVOS

- Relacionar os coñecementos que se adquiren na Linguaxe Musical coa práctica do instrumento.
- Adquirir soltura no emprego das claves traballadas ate agora e Fa en 3ª e Do en 2ª.
- Acadar soltura rítmica na execución de compases non tradicionais.
- Saber interpretar as diferentes polirrítmias e polimetrías.
- Saber interpretar novas grafías para ritmos tradicionais.
- Ler correctamente música sen compás, atendendo á articulación e ao barrado.
- Acadar con soltura rítmica na execución de compases non tradicionais.
- Propiciar o emprego dunha terminoloxía básica que lle permita ao alumnado comunicar os seus coñecementos.
- Entonar melodías con ou sen acompañamento, con cambios de tonalidade ou modulacións, ou baseándose nas escalas ou modos que se traballen ao longo do curso.
- Interpretar con soltura os diferentes elementos agónicos, dinámicos e de articulación.
- Desenvolver os recursos da voz para unha boa interpretación de liñas melódicas tonais, modais e atonais.
- Adquirir as bases para o desenvolvemento auditivo, melódico, armónico, rítmico e formal.
- Recoñecer e representar gráficamente fragmentos musicais a unha ou dúas voces utilizando estruturas harmónicas básicas.
- Coñecer a teoría e a práctica do transporte musical lido como mental.
- Introducción a grafía contemporánea.



## CONTIDOS

*Consolidación dos contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental, e o 1º curso do Grao Profesional.*

### Lectura:

- Soltura na práctica de todas as claves.
- Grafías contemporáneas básicas.
- Transporte.

### Ritmo:

- Acentuación irregular.
- Repaso das polirrítmias vistas no curso anterior e 5:3, 7:3.
- Práctica da polimetría.
- Grupos de valoración especial con e sen silencios, regulares e irregulares en varios pulsos.
- Compases de valor engadido e de valor reducido.
- Traballo das equivalencias, cambios de tempo e de compás.
- Práctica da repentización e da memoria.
- Música sen compasar.
- Música do século XX e música contemporánea.

### Entoación:

- Práctica dunha liña melódica ata sete alteracións.
- Entonación de escalas tonáis, modais e arpexios en diversos patróns armónicos.
- Entonación de melodías e exercicios vocais baseados nos modos.
- Práctica da polifonía.
- Mecanización de tódolos intervalos dentro e fora dun contexto tonal.
- Leccións de tonalidade vaga e atonais.
- Escalas en xeral.
- Práctica da repentización e da memoria.



### **Práctica auditiva:**

- Recoñecemento auditivo de funcións harmónicas básicas (I / IV / V / II / III / VI e as dominantes secundarias).
- Recoñecemento das distintas cadencias.
- Ditado a dúas voces, utilizándose todos os elementos melódico-armónicos e rítmicos en toda a programación de Linguaxe Musical.
- Ditado de acordes en estado fundamental e invertido.
- Recoñecemento das diferentes escalas modais.

### **Audicións:**

- Deberanse facer audicións con certa frecuencia, para o coñecemento da historia da música.

### **Improvisación:**

- Improvisar unha melodía a estruturas harmónicas básicas.
- Improvisar un baixo a unha melodía con estruturas harmónicas básicas.
- Improvisación sobre pautas preestablecidas.

### **Teoría da Música:**

- Racionalización teórica dos contidos prácticos reseñados nos apartados anteriores.
- Continuación do transporte, teoría das diferencias e instrumentos transpositores.
- Os modos.
- Cifrado americano.
- Continuación da sintaxes musical.
- Escalas en xeral.
- Organoloxía. Partitura e partichela.
- Escritura en dúas claves dos acordes traballados e engadir os de Dominantes Secundarias.
- Modulación.
- Fenómeno físico – harmónico, e intervalos básicos da serie harmónica.
- Sistemas compositivos; modal , tonal, atonal e dodecafónico.
- Evolución da escritura musical.
- A voz humana.



## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **1º TRIMESTRE**

1. Dominar as claves de Sol, Fa na 4ª, Dó na 1ª, 3ª e 4ª.
2. Ler exercicios en Dó na 2ª.
3. Dominar as distintas grafías en compases tradicionais.
4. Executar cambios constantes de compás e de clave.
5. Dominar as equivalencias nos compases de amalgama e dispares.
6. Sostener o pulso indicado.
7. Comprender e realizar as polirritmias 5:3, 7:3.
8. Executar grupos especiais irregulares en dous o máis tempos.
9. Entonar con fluidez unha liña melódica de ata 7 alteracións.
10. Entonar con fluidez unha liña melódica atonal.
11. Entonar con fluidez unha liña melódica modal.
12. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
13. Recoñecer auditivamente as distintas cadencias.
14. Realizar o ditado a 2 voces.
15. Comprender e saber escribir as distintas escalas.
16. Realizar por escrito a mecánica do transporte.
17. Realizar la escritura de los acordes en dos claves.



## 2º TRIMESTRE

1. Dominar as claves de Sol, Fa en 4ª, Do en 1ª, 2ª, 3ª, 4ª.
2. Ler cunha rítmica doada en Fa na 3ª.
3. Dominar as equivalencias nos compases de amalgama e dispares.
4. Executar ritmicamente grupos especiais desprazados.
5. Realizar con fluidez as polirritmias 5:3, 7:3.
6. Realizar con fluidez as diferentes frases polimétricas.
7. Medir septinas e octinas de compás en 2, 3 e 4 partes.
8. Saber medir a música sen compasar.
9. Executar compases mixtos, decimais e quebrados.
10. Manter o pulso indicado.
11. Entoar intervalos fora dun contexto tonal.
12. Entonar con fluidez unha liña melódica atonal.
13. Entonar con fluidez unha liña melódica modal.
14. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
15. Comprender o dictado a dúas voces.
16. Recoñecer auditivamente as distintas funcións harmónicas.
17. Comprender por escrito a mecánica do transporte e instrumentos transpositores.
18. Entender os distintos instrumentos que compoñen a orquestra sinfónica.



### 3º TRIMESTRE

1. Ler con soltura nas sete claves.
2. Dominar a lectura harmónica nas claves de Sol e Fa na 4ª.
3. Executar grupos artificiais irregulares nun compás.
4. Dominar as polirrítmias vistas no curso.
5. Dominar a polimetría.
6. Sostener o pulso indicado.
7. Medir grupos especiais desprazados.
8. Dominar os compases dispaes, quebrados, decimais e mixtos.
9. Executar a música sen compasar.
10. Entoar todo tipo de intervalos dentro e fora dun contexto tonal.
11. Cantar unha liña melódica modal.
12. Entoar liñas melódicas atonais.
13. Realizar as diferentes indicacións de agónica, articulacións e dinámica musical.
14. Dominar o ditado a dúas voces.
15. Recoñecer auditivamente os modos.
16. Comprender a extensión e saber clasificar as diferentes voces humanas.
17. Dominar por escrito a mecánica do transporte e instrumentos transpositores.
18. Comprender o fenómeno físico-harmónico.
19. Entender os sistemas compositivos.





## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación final de cada avaliación será a media aritmética ponderada segundo o seguinte:

**30 % LECTURA RÍTMICA.**

**30 % ENTONACIÓN.**

**20 % DESENVOLVEMENTO AUDITIVO.**

**15 % TEORÍA.**

**5 % ACTITUDE ANTE MATERIA.**

A nota da avaliación será a media aritmética entre as probas específicas de cada avaliación e as evidencias recollidas no caderno do profesor na súa observación na aula, sendo estas **50%** Probas de avaliación e **50%** Aula.

### **Avaliación final:**

Para o cálculo da cualificación da avaliación final terase en conta o peso das cualificacións trimestrais segundo a seguinte ponderación:

Cualificación do 1ª av x 0.1 + Cualificación da 2ª av x 0,2 + Cualificación da 3ª av x 0.7



## **4. PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

### **GRAO ELEMENTAL E GRAO PROFESIONAL**

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo.

O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación será continua e basearase na observación sistemática das experiencias na aula, que han dar lugar a anotacións rexistradas no caderno do profesor, para un mellor seguimento da evolución individual dos alumnado.

Procederase a principio de curso a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada alumno.

Coma a avaliación é continua procederase a facer a avaliación procesual con axuda das anotacións rexistradas no Caderno do Profesor, que farán un seguimento da asistencia a clase, a participación nas diferentes actividades.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso, ou sexa, comprobando que os alumnos estean en disposición de acometer o curso seguinte.

Aqueles alumnos que non acaden os obxectivos na avaliación final de maio terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Extraordinaria de Xuño.

Por outra banda existe a posibilidade de acceder a calquera curso sen ter aprobado o anterior mediante as correspondentes probas de acceso, para as cales se especifican os criterios da avaliación no epígrafe correspondente.

Estas probas abranguen en cada un dos cursos os seguintes apartados, tendo en conta os criterios de avaliación do trimestre reflectidos nas distintas programacións:

- Exercicios de lectura rítmica
- Exercicios de entoación con o seu acompañamento pianístico
- Realización dun ditado
- Exercicio de teoría escrito de dez preguntas en grao elemental e cinco en grao profesional.



Á hora de valorar o rendemento do curso do alumnado teremos en conta estes contidos actitudinais:

- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.
- Demostrar afán de participación e solidariedade nos traballos en grupo.
- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor.
- Demostrar interese pola música en xeral.
- Comportamento adecuado na aula.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas as inferiores a 5.

No caso de que o nivel do alumnado dunha determinada clase o permita, os contidos e obxectivos desta programación de Linguaxe Musical e Educación auditiva e Vocal poderán ser ampliados no desenvolvemento das clases, aínda que non serán exisibles obrigatoriamente nas probas avaliativas.

### **EXAME FINAL GRAO ELEMENTAL**

- Exercicio de lectura rítmica
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico
- Realización dun ditado a unha voz
- Exercicio de teoría de dez preguntas

### **EXAME FINAL GRAO PROFESIONAL**

#### **1º Curso de Grao Profesional**

- Exercicio de lectura rítmica combinando compases e as claves vistas.
- Exercicio de lectura de claves abrangendo as esixidas no curso.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun ditado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría que abranguerá cinco preguntas.



## **2º Curso de Grao Profesional**

- Exercicio de lectura rítmica con combinación de claves e compases.
- Exercicio de lectura abrangendo as sete claves.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico
- Realización dun ditado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría que abranguerá cinco preguntas.

## **5. MÍNIMOS ESXIBLES.**

Estarán en concordancia cos contidos e obxectivos fixados na programación do curso correspondente.

En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un cinco ou superior na calificación final da materia.

## **6. PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA.**

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e medio, require un seguimento constante e continuado por parte do profesor e polo tanto, a asistencia regular ás clases.

A comisión de Coordinación Pedagóxica acordou que o número máximo de faltas de asistencia que levarán á perda do dereito a avaliación continua serán de 6 clases nesta asignatura.

Os alumnos que teñan estas faltas terán que someterse a un exame ao final de curso, que consistirá nos seguintes apartados, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.



## **7. PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN TRIMESTRAIS**

Un alumno cun un trimestre suspenso o pode ir recuperando, clase a clase, ó longo do trimestre seguinte, baixo a observación do profesor/a, que é quen debe considerar se o vai recuperando ou non. Os contidos da asignatura favorecen unha aprendizaxe continua, construtiva e sumativa (cada elemento asimilado é base para a asimilación dun novo) xa que é imprescindible asegurar os elementos non asimilados para poder continuar a aprendizaxe.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias que figuran neste currículo, co mesmo profesor.

## **8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN PARA CURSOS PENDENTES DE LINGUAXE MUSICAL**

O alumno que teña un curso pendente de Linguaxe Musical, matricularase do curso seguinte ademais de dita asignatura. Deberá asistir ás clases dos dous cursos. Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Faranse exames (similares aos de perda de avaliación continua) abrangendo todos os contidos da materia pendente para poder aprobar dita asignatura dentro do trimestre que o profesor considere oportuno. No caso que o alumno supere dita proba coa cualificación correspondente, poderá deixar de asistir ás clases do curso pendente, quedando este superado.

## **9. PROBAS DE EXAME EXTRAORDINARIAS**

Estes exames serán unicamente para aqueles alumnos que non superaron a materia de Linguaxe Musical ao longo do curso. Dito exame consistirá nos seguintes apartados, tendo en conta os contidos xerais do curso correspondente reflectidos nas programacións de Linguaxe Musical.

### **GRAO ELEMENTAL**

- Exercicio de lectura rítmica.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun ditado a unha voz.
- Exercicio escrito de teoría que abranguerá 10 preguntas.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para o terceiro trimestre do curso correspondente.



## **GRAO PROFESIONAL**

### **1º Curso de Grao Profesional**

- Exercicio de lectura rítmica combinando compases e as claves vistas
- Exercicio de lectura de claves abranguendo as esixidas no dito curso.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun ditado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría que abranguerá 5 preguntas.

### **2º Curso de Grao Profesional**

- Exercicio de lectura rítmica con combinación de claves e compases.
- Exercicio de entoación con acompañamento pianístico.
- Realización dun ditado a dúas voces.
- Exercicio escrito de teoría que abranguerá 5 preguntas.

Os criterios de avaliación son os mesmos que figuran para o terceiro trimestre do curso correspondente.

## **10.RECURSOS DIDÁCTICOS**

Para o cumprimento da programación de cada curso o profesor poderá utilizar como complemento o material didáctico que estime oportuno.

### **BIBLIOGRAFÍA OBLIGATORIA PARA O CURSO:**

#### **1º curso de Grao Elemental**

- *Lenguaje musical Todo en uno 1º de enseñanza Elemental* - M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- Libreta de música , para poder escribir música e tomar anotacións,lápis é goma.

#### **2º curso de Grao Elemental**

- *Lenguaje musical Todo en uno 2º de enseñanza Elemental* - M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- Libreta de música para poder escribir música e tomar anotacións, lápis é goma.



### **3º curso de Grao Elemental**

- *Lenguaje musical Todo en uno 3º de enseñanza Elemental* - M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- Libreta de música para poder escribir música e tomar anotacións, lápiz e goma.

### **4º curso de Grao Elemental**

- *Lenguaje musical Todo en uno 4º de enseñanza Elemental* - M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- poder escribir música e tomar anotacións ,lápiz e goma.

### **1º Curso de Grao Profesional**

- *Lenguaje musical Todo en uno 1º de enseñanza profesional*- M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- Libreta de música , para poder escribir música e tomar anotacións,lápiz e goma.

### **2º Curso de Grao Profesional**

- *-Lenguaje musical Todo en uno 2º de enseñanza profesional*- M<sup>a</sup> Agustina Perandones Manuel. Ed.Toys and Dreams.
- Libreta de música , para poder escribir música e tomar anotacións,lápiz e goma.

## **11. METODOLOXÍA**

A metodoloxía utilizada polos profesores de Linguaxe Musical, a pesar de presentar características individuais en función da personalidade de cada un, a idade dos alumnos, o nivel de coñecementos do grupo (que en determinados casos pode alterar os contidos e a secuenciación da programación, etc., posúe un importante punto en común: trátase dunha metodoloxía activa, significativa e constructiva: cada elemento explicado é a base para o entendemento dun novo elemento. A práctica e a teoría interactúan constantemente entre sí.

Dita metodoloxía implica directamente ao alumno e baséase na aprendizaxe e no descubrimento de situacións comunicativas que fomentan a creatividade e a propia autonomía dos alumnos.

A planificación das clases realizarase sempre de acordo co programa a desenvolver durante o ano, e tamén tendo en conta a distribución trimestral da materia.



## **12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O tratamento á diversidade non pode pasar desapercibido no noso proxecto curricular.

Os docentes temos a responsabilidade de concretar intervencións encamiñadas a atender problemas específicos dos distintos alumnos.

As pautas a seguir para estas intervencións comezan cando no principio do curso facemos a avaliación inicial e esta permítenos identificar trazos da diversidade. Os máis característicos que xorden nas nosas aulas son:

- O seu diferente nivel musical.
- As dificultades concretas nas distintas áreas da materia.
- A súa diferente actitude e interese (motivación).
- O grao de adaptación segundo as condicións innatas para a música.

Dado que nos atopamos con algunhas destas dificultades, e como as nosas clases son de grupo, xurdirá a necesidade de manter un fío conductor de xeito que o rendemento desigual non traia como resultado disfuncións no colectivo. Un alumno destacado non debería monopolizar toda a atención do profesor ao igual que ningún alumno con dificultades debe ser nunca ignorado.

Debemos atopar fórmulas de adaptación mediante a distribución de tarefas e deberes de xeito distinto, poñendo en xogo recursos e estratexias variadas para que ao final de curso o alumno poida acadar no esencial os obxectivos fixados nesta programación.

## **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

O traballo realizado dentro da aula verase moi enriquecida coas distintas actividades complementarias establecidas polo departamento.

Dentro de cada curso, poderanse realizar ao longo do ano actividades como as que seguen:

- Asistencia aos ensaios das agrupacións do conservatorio.
- Asistencia a concertos e audicións organizados polo conservatorio.
- Asistencia a concertos organizados fora do centro, etc.





## **14. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para que a un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias. No que respecta á Linguaxe Musical, os profesores, previa información dos titores (dentro do primeiro trimestre) faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado da programación “Perdida da avaliación continua”. O alumno demostrará nese exame que domina os contidos do curso no que se matriculou, pero tamén que terá que demostrar o grao de aptitudes e a capacidade para superar o seguinte

## **15. PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL.**

### **Probas de acceso. 1º Curso de Grao Elemental.**

Esta proba non presupón coñecementos técnicos da música.

### **CONTIDOS DA PROBA**

- **Test rítmico:** O profesor tocará cun lapiceiro ou instrumento de pequena percusión unha fórmula rítmica e o aspirante terá que repetila exactamente igual.
- **Test de entoación:** O profesor cantará un movemento melódico e o aspirante terá que repetilo coa súa propia voz.
- **Test de psicomotricidade:** O profesor realizará exercicios con alternancia das dúas mans; exercicios con alternancia de mans e pés e exercicios con percusión corporal que o aspirante terá que repetir.

Tódolos test realizaranse por imitación, insistindo na marcha regular do pulso. Ningún test será eliminatorio.

Os contidos dos test están adaptados a tres bloques de idades:

- Bloque de 7 a 9 anos
- Bloque de 10 a 11 anos
- Bloque de 12 a 14 anos

A proba calificaráse de forma global e numérica de 1 a 10 puntos, debendo obter, o aspirante, unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Cualificarase ata dous decimais.



## Probas de acceso. 2º Curso de Grao Elemental.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados da programación do 1º curso.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** A unha voz, e con extensión de 6 a 8 compases. En do maior ou la menor, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado, a velocidade do pulso e o compás (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en clave de Sol.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio de entoación en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

## Probas de acceso. 3º Curso de Grao Elemental.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz e dunha extensión de 8 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso e o compás (nesta orde)
- **Repentización rítmica:** nas claves de Sol e Fa en 4ª.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.



Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.

### **Probas de acceso. 4º Curso de Grao Elemental.**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

#### **CONTIDOS DA PROBA**

- **Ditado rítmico – melódico:** a unha voz e dunha extensión entre 8 e 12 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea.
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO DE 2º, 3º e 4º DE GRAO ELEMENTAL.**

Os criterios de avaliación para cualificar aos alumnos son os seguintes:

- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica, mantendo o pulso constante.
- Unha boa emisión de voz así como unha correcta entoación e afinación.
- Capacidade para reproducir por escrito un ditado melódico – rítmico.
- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.



Cualificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais o superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A cualificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- **Lectura rítmica: 30 %**
- **Entoación: 25 %**
- **Ditado: 20 %**
- **Teoría: 25 %**

## **16. PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL**

### **Probas de acceso. 1º Curso de Grao Profesional.**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

### **CONTIDOS DA PROBA**

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidadea empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.



## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO DE 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

Os criterios de avaliación para cualificar aos alumnos son os seguintes:

- Capacidade para executar os cambios de compás tendo en conta as equivalencias indicadas.
- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica.
- Unha boa emisión de voz así como unha correcta entoación e afinación
- Capacidade para reproducir por escrito un ditado melódico – rítmico.
- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.

Cualificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais o superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A cualificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- **Lectura rítmica: 30 %**
- **Entoación: 25 %**
- **Ditado: 20%**
- **Teoría: 25 %**



## Probas de acceso. 2º Curso de Grao Profesional.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 5 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

## Probas de acceso. 3º, 4º, 5º e 6º Curso de Grao Profesional.

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do dictado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).



- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 5 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO DE 2º, 3º, 4º, 5º e 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

Os criterios de avaliación para calificar aos alumnos son os seguintes:

- Capacidade para executar os cambios de compás tendo en conta as equivalencias indicadas.
- Destreza, control e fluidez na lectura rítmica.
- Unha boa emisión de voz así como unha correcta entoación e afinación
- Capacidade para reproducir por escrito un ditado melódico – rítmico a dúas voces.
- Asimilación correcta dos contidos correspondentes ao área teórico práctica.

Cualificarase mediante escala numérica de 1 a 10 ata un decimal. Consideraranse positivas as cualificacións iguais o superiores a 5 e negativas as inferiores a 5.

A cualificación obterase a partir da seguinte ponderación:

- **Lectura rítmica: 25 %**
- **Entoación: 25 %**
- **Ditado: 25 %**
- **Teoría: 25 %**